

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Adxudicación obra pavimentación pista Somoza (Asados) - Igrexa (Leiro) 2018/C003/000005.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/05/2018, incoase expediente de contratación mediante procedemento aberto da obra.

Por Resolución da alcaldía núm. 105/2019 de data 06/02/2019, apróbase o expediente de contratación 2018/C003/000005, os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e Prescripcóns Técnicas (PPT), que rexerán o contrato da obra.

Con data 08/02/2019, publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de licitación da obra RX2018/C003/000005.

Con data 07/03/2019, a mesa de contratación procede ao acto de apertura do sobre C: oferta económica e referencias valorables automaticamente e remítese a documentación aos técnicos para a súa correspondente avaliación.

Con data 14/03/2019, a mesa de contratación aproba as valoracións dos criterios cuantificables automaticamente (art. 159) das ofertas presentadas de acordo cos PCAP.

Nº orde	Nome empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Aumento Garantía	Puntuación Val. económica	Teme-raria	Total
1	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL	87.575,04	28,79	25	75,00	SI	100,00
2	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL	88.681,87	27,89	25	73,53	SI	98,53
3	NEMESIO ORDOÑEZ, SA	90.846,34	26,13	25	79,66	NO	95,66
4	HORDESCON, SL	93.515,04	23,96	25	67,12	NO	92,12
5	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, SL	95.444,00	22,39	25	64,56	NO	89,56
6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL	96.810,02	21,28	25	62,75	NO	87,75
7	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA	98.938,52	19,55	25	59,62	NO	84,92
8	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	106.915,10	13,06	6,25	45,71	NO	51,96
9	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, SLO	122.366,09	0,50	25	1,75	NO	26,75
10	TARRIO Y SUAREZ, SL	119.291,94	3,00	0,00	10,50	NO	10,50
11	CONSTRUCCIONES TARRIO, SL	122.981,38	0,00	25	0,00	NO	25,00
12	E. VARELA E HIJOS, SL	122.981,38	0,00	0,00	0,00	NO	0,00

De acordo coa valoración as ofertas económicas das empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL e CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL é inferior á media en 8,51% e respectivamente, sendo o limite en 6.67%, incorrendo inicialmente as súas ofertas nun suposto de proposición desproporcionada ou anormal, dada a presunción de que a súa proposición non poida ser cumprida segundo os termos previstos nos pregos, polo que a mesa de contratación acorda requirirlle a documentación xustificativa.

Con data 21/03/2019 RE 201999900000160, a empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL presenta a documentación para xustificación da baixa desproporcionada ou anormal.

Con data 21/03/2019 RE 201999900000162, a empresa CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL presenta a documentación para xustificación da baixa desproporcionada ou anormal.

Con data 24/04/2019, a arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante, emite informe técnico de valoración da documentación presentada polas empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL E CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL, na que indica que non xustifican a oferta presentada.

Con data 25/04/2019 a mesa de contratación acorda: declarar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL e CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL, en baixa temeraria ou con valores anormalmente baixos, ao non xustificar as mesmas, conforme ao establecido nos PCAP e declarar a mellor oferta economicamente a presentada pola empresa **NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.**, por **importe total de 90.846,34 €, importe sen Ive 75.079,62 € e Ive 15.766,72 €**, que é a que reúne os requisitos de acordo co establecido nos PCAP e por ser a seguinte por orde de puntuación.

Con data 30/05/2019 emítase informe de fiscalización de conformidade da Intervención.

Seguidos tódolos trámites establecidos legalmente e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO

Declarar admitidos na licitación a todos os licitadores presentados:

SEGUNDO

Declarar en baixa temeraria ou con valores anormalmente baixos, ao non xustificar as mesmas, conforme ao establecido nos PCAP ás empresas: CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL E CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL.

TERCEIRO

Adxudicar o contrato de obras 2018/C003/000005 **PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA (ASADOS)-**

IGREXA(LEIRO) á empresa **NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.**, con CIF: A-151467608 por importe **total de 90.846,34 €**, importe sen Ive **75.079,62 €** e Ive **15.766,72 €**.

CUARTO

A execución desta adxudicación efectuarase nos termos indicados no prego de prescricións técnicas, proxecto técnico de Amancio Losada Vicente e PCAP aprobados por resolución da alcaldía de 06/021/2019, as autoriza sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Axencia Galega de Infraestructuras e do Servizo de arqueoloxía da Consellería de Cultura, e en todo caso, seguindo as instrucións do director de obra.

QUINTO

Notificar co réxime de recursos ordinarios a adxudicación aos licitadores coa información indicada no artigo 151 da LCSP.

SEXTO

Publicar no perfil do contratante o anuncio de adxudicación por ser superior o valor estimado da obra o previsto no artigo 154 da LCSP.

SÉTIMO

Formalizar o contrato no prazo de 15 días hábiles dende a notificación do acto, por non proceder interposición do recurso regulado no artigo 44 LCSP.

Nas notificacións e anuncios indicárase o prazo en que debe formalizarse o contrato.

Publicar a formalización nos medios indicados para o anuncio de adxudicación.

Comuníquese ao Rexistro de Contratos do Sector Público antes de rematar o primeiro trimestre do ano seguinte á contratación (neste caso: 2020).

OITAVO

Nomear director da obra e coordinador de seguridade e saúde a Amancio Losada Vicente; notificándolles aos efectos cara a cumprir co estipulado no contrato, PCAP e pregos de prescricións técnicas que rexen esta licitación.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).